



ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO POR MOR DO CORONAVIRUS

A Xunta de Goberno, na sesión urxente levada a cabo hoxe (18.03.2020), ante a situación do estado de alarma decretado por mor do coronavirus Covid-19, tomou os seguintes acordos:

1. COTAS COLEXIAIS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2020

Como as cotas colexiais do segundo trimestre de 2020 non se pasan ao cobramento ata mediados do mes de maio, a Xunta de Goberno realizará un estudo para determinar se procede o aprazamento de pagamento ou outras medidas.

Así mesmo, tamén se acordou que se a situación económica para os nosos colexiados e colexiadas empeora como consecuencia desta crise sociosanitaria, a Xunta de Goberno estudará cada caso para valorar as necesidades daqueles e daquelas que poidan precisar algún tipo de axuda, sempre e cando así o soliciten.

2. ADIANTO DO PAGAMENTO DO 1º TRIMESTRE DE 2020 DA QUENDA DE OFICIO CON FONDOS PROPIOS DO COLEXIO

A Xunta de Goberno acordou comunicarlles aos letrados e letradas dadas de alta no servizo de asistencia a persoas detidas e da quenda de oficio que presenten as declaracións das quendas o antes posible e, se pode ser, antes do 25 de marzo, para así poder pechar a certificación do trimestre a día 31. Unha vez pechado o trimestre e emitidas as certificacións que se envían á Dirección Xeral de Xustiza, este Colexio adiantará as cantidades correspondentes a cada letrado e letrada, co que intentaremos que antes da semana santa (8 de abril) poidamos realizar as transferencias.

Como este Colexio adiantará dos seus propios fondos os ditos importes e antes de que a Dirección Xeral de Xustiza fiscalice as certificacións correspondentes (por se puidese haber asuntos xa aboados ou para os que non corresponda o pagamento), pregámosvos que se preste moita atención en realizar ben as declaracións. No caso de que se pague algunha quenda que máis tarde a Dirección Xeral desconte da certificación, procederase á súa compensación na seguinte declaración.

3. PRESENTACIÓN DE ESCRITOS POR LEXNET

Dende os xulgados decanos de Santiago e da Coruña solicitánnos que lles comuniquemos a todos os nosos colexiados e colexiadas que se “limite a presentación de escritos e demandas ás estritamente urxentes e necesarias” polo posible colapso do sistema Lexnet xa que os funcionarios que prestan os servizos mínimos nos órganos de repartición só asignarán por quendas os procedementos urxentes declarados no real decreto.

Achégase copia do acordo do CXPX



4. HORARIO DAS SEDES DO COLEXIO

En relación cos horarios e a actividade nas sedes colexiais, acordouse o seguinte:

— **Sede dos xulgados das Fontiñas: permanecerá pechada.**

Ao se suspender os servizos de togas e de fotocopiadora, a sede do Colexio nos xulgados quedará pechada temporalmente.

Pediuse autorización ao xuíz decano e foi concedida que para causas urxentes os letrados e letradas de garda ou con dilixencias urxentes penais poidan facer as fotocopias necesarias directamente no xulgado de garda.

— **Sede principal de Eduardo Pondal: permanecerá aberta.**

A sede principal de Eduardo Pondal seguirá aberta, pero sen atención presencial. A atención unicamente se prestará de forma telefónica ou por correo electrónico, no seguinte horario:

- De luns a xoves: de 9 a 14 h e de 17 a 19 h
- Venres: de 9 a 14 h

Organizarase un sistema de rotación para os traballadores e traballadoras do colexio, por medio do cal cada día estarán dispoñibles dous empregados e mais o secretario técnico que atenderán dende as oficinas as chamadas ou consultas.

MÁIS INFORMACIÓN NA PÁXINA WEB

Na páxina web colexial creouse un enlace en Acceso destacados / Notificacións urxentes – Covid-19, no que se incluírán todos os acordos e novidades de interese que se vaian adoptando.